



Financiado pola Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Plan de Recuperación,
Transformación
e Resiliencia

Cabo Ortegal
XEOPARQUE



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 27 / 2025

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL (AXCO) PARA A CESIÓN DA PÁXINA WEB E DAS REDES SOCIAIS DE AXCO, NO MARCO DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PSTD) PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL, PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU – PRTR – PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

Na Coruña, a 21 de marzo de 2025

Ante mín, Don Miguel Iglesias Martínez, Secretario Accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Don Alberto Javier Rey Paz, en representación da Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO).

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Deputación provincial da Coruña presentou un Plan de sostibilidade turística en destino ao Plan de modernización e competitividade do sector turístico financiado dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia con cargo a Fondos Next GenerationEU (Financiado pola Unión Europea), cuxas bases están reguladas pola *Estrategia de sostenibilidad turística en destinos* (2021).

Segundo.- Que a citada proposta presentouse baixo a modalidade de “proxecto en cooperación” e polo tanto as partes formalizan as súas relacións mediante acordos de cooperación para establecer os seus dereitos e obrigas no desenvolvemento das seguintes actuacións no eixe da transición dixital no marco do Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal:

- Gabinete de comunicación e márketing *online*.
- Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque.
- Ampliación de funcionalidades e contidos na web do Xeoparque.

O orzamento total das tres actuacións ascende a noventa e seis mil oitocentos vinte euros (96.820,00 euros) cunha contribución da Unión Europea do 100%. O orzamento por actuación é o que segue:

- Gabinete de comunicación e márketing *online*: 39.930 euros (IVE engadido).
- Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque: 40.000 euros (IVE engadido).
- Ampliación de funcionalidades e contidos na web do Xeoparque: 16.890 euros (IVE engadido).

Dado o interese da Deputación provincial da Coruña e da Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) para a realización das ditas actuacións, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio en base ás seguintes cláusulas.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e a Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) para a cesión temporal da páxina web e as redes sociais da Asociación, no marco do Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.

A cesión alcanza os seguintes recursos:

- Páxina web: <https://xeoparquecabortegal.gal/>
- Perfil en Instagram: <https://www.instagram.com/xeocabortegal/>
- Perfil en X: <https://x.com/xeocabortegal>
- Perfil en Facebook: <https://www.facebook.com/xeoparquecabortegal>
- Perfil en Youtube: <http://www.youtube.com/@proxectodoxeoparquedocaboo140>

A finalidade é o desenvolvemento de tres actuacións no eido da transición dixital destinadas a xerar novos servizos e prestacións para as persoas visitantes así como realizar unha promoción competitiva deste recurso turístico da provincia da Coruña. As actuacións afectadas son as que seguen:

- Gabinete de comunicación e márketing *online*.
- Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque.
- Ampliación de funcionalidades e contidos na web do Xeoparque.

O Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal (C14.I01.P02.S18.S03) está sufragado con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (C14.I01.P02 – Plans de sostibilidade Turística PRTR - Adxudicación 2021, Supbroyecto C14.I01.P02.S18 - Plan Territorial Galicia 2021).

II. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

O orzamento máximo de execución das tres actuacións obxecto deste convenio é de NOVENTA E SEIS MIL OITOCENTOS VINTE EUROS (96.820,00 euros) IVE engadido.



O importe desagregado co IVE engadido por actuación é o que segue:

- Gabinete de comunicación e márketing *online*: 39.930 euros.
- Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque: 40.000 euros.
- Ampliación de funcionalidades e contidos na web do Xeoparque: 16.890 euros.

O prazo de execución estimado para o desenvolvemento de cada actuación é o seguinte:

- Gabinete de comunicación e márketing *online*: nove (9) meses dende o día seguinte á formalización do contrato.
- Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque: seis (6) meses dende o día seguinte á formalización do contrato.
- Ampliación de funcionalidades e contidos na web do Xeoparque: seis (6) meses dende o día seguinte á formalización do contrato.

En todo caso a execución dos servizos contratados deberá estar rematada e xustificada antes da finalización da duración total do PSTD e polo tanto, durante a vixencia da Addenda ao Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sostibilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU que se estenderá ata o 31 de maio de 2026.

III. FINANCIAMENTO

1. A Deputación provincial da Coruña financiará o orzamento das actuacións obxecto deste convenio con fondos do Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, financiado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia con cargo a Fondos Next GenerationEU (Financiado pola Unión Europea), tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega provincial máxima de noventa e seis mil oitocentos vinte euros (96.820 euros) con cargo á aplicación orzamentaria correspondente, o que representa unha porcentaxe do 100% de financiamento.

O detalle do orzamento asignado (co IVE engadido) para a execución das tres actuacións repártese como segue:

- Gabinete de comunicación e márketing *online*: 39.930 euros (IVE engadido).
- Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque: 40.000 euros (IVE engadido).
- Ampliación de funcionalidades e contidos na web do Xeoparque: 16.890 euros (IVE engadido).

2. Ausencia de dobre financiamento: a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia debe respectar os límites establecidos en relación coas axudas de Estado e a prevención do dobre financiamento procedente do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) e doutros programas da Unión Europea.


Para estas tres actuacións, o representante da Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) acredita, mediante a firma deste Convenio, a ausencia de dobre financiamento.

IV. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN

a. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO XEOPARQUE CABO ORTEGAL

En virtude da sinatura do presente Convenio, a Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) comprométese a:

1. Solicitar vía rexistro electrónico o inicio dos trámites necesarios para levar a cabo cada unha



das actuacións obxecto deste Convenio.

En relación coa execución das tres actuacións obxecto deste Convenio:

1. A Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) poñerá a disposición da Deputación provincial da Coruña, mediante unha cesión temporal gratuíta, os recursos vinculados a cada unha das actuacións para o desenvolvemento das tarefas relacionadas que se acompañan segundo segue:
 - Páxina web: <https://xeoparquecabortegal.gal/>
 - Perfil en Instagram: <https://www.instagram.com/xeocabortegal/>
 - Perfil en X: <https://x.com/xeocabortegal>
 - Perfil en Facebook: <https://www.facebook.com/xeoparquecabortegal>
 - Perfil en en Youtube: <http://www.youtube.com/@proxectodoxeoparquedocaboo140>
2. A Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) deberá colaborar coa Deputación provincial da Coruña e nomeadamente coa Unidade xestora do Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal en todas as tarefas de información (reunións co tecido social e empresarial do territorio, envío de comunicacións e calquera outra tarefa requirida para a correcta execución das actuacións obxecto deste Convenio), divulgación das actuacións obxecto do presente Convenio así como do Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal e dinamización das actividades a realizar no territorio.
3. A Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) facilitará a realización da execución das tarefas asociadas a cada actuación para o seu correcto desenvolvemento.
4. A Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) comunicará á Deputación provincial da Coruña calquera circunstancia que poida incidir na execución das actuacións obxecto deste Convenio.
5. Unha vez finalizada a execución de cada unha das tres actuacións obxecto deste Convenio, procedérase a formalizar a acta de entrega á Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) das ferramentas dixitais, asumindo esta a súa xestión, mantemento e conservación como o seu titular.
A Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) comprométese á conservación e mantemento das ferramentas dixitais resultado da execución das actuacións obxecto deste Convenio dende o día no que se realice a acta de entrega das ditas ferramentas dixitais.
6. Todos os gastos posteriores de conservación e mantemento da web <https://xeoparquecabortegal.gal/> e da central de reservas de servizos do Xeoparque Cabo Ortegal unha vez rematado o Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal corresponderán á Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) polo que deberán ser asumidos por esta Asociación.
7. A Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) dará publicidade as actuacións obxecto deste Convenio, que están enmarcadas no Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.

b. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente Convenio, a Deputación provincial da Coruña comprométese,



en relación coa execución das actuacións obxecto deste Convenio a:

1. A Deputación provincial da Coruña contratará a execución das actuacións obxecto deste Convenio segundo o disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. A descrición das tarefas e orzamento a executar pola Deputación da Coruña é a seguinte:

ACTUACIÓN	ORZAMENTO	TAREFAS RELACIONADAS
Gabinete de comunicación e márketing <i>online</i> .	39.930,00 euros	Xestión das redes sociais para o desenvolvemento dunha estratexia de promoción competitiva polo tempo de duración do Plan de sostibilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.
Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque.	40.000,00 euros	Dotación dunha ferramenta dixital para mellorar a oferta <i>online</i> de servizos e actividades no Xeoparque, así como a súa promoción.
Ampliación de funcionalidades e contidos da páxina web do Xeoparque.	16.890,00 euros	Servizo de creación de novos contidos e funcionalidades para a páxina web do Xeoparque Cabo Ortegal que inclúe a tradución a varias linguas e o desenvolvemento da intranet.

2. A Deputación provincial da Coruña realizará o seguimento do desenvolvemento das actuacións obxecto deste Convenio.

3. A Deputación provincial da Coruña garantirá que o uso dos recursos cedidos de maneira temporal pola Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO), isto é, a páxina web e as redes sociais, se destinen estritamente aos fins que contempla o presente Convenio sendo responsable dos danos, detrimentos ou deterioracións causados por esta entidade ou polos contratistas que executen as actuacións vinculadas aos recursos cedidos.

4. A Deputación provincial da Coruña deberá asumir os posibles custes de mantemento ou aloxamento dos recursos cedidos durante o tempo de vixencia do presente Convenio.

5. A Deputación provincial da Coruña comunicará á Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento da execución das actuacións obxecto deste Convenio.

6. No momento da finalización do prazo de duración da cesión e, polo tanto, da vixencia do Convenio, todas as melloras, ampliacións ou actuacións realizadas nos recursos cedidos pasarán a ser propiedade da Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) sen dereito por parte da Deputación provincial da Coruña a recibir indemnización nin compensación algunha.

7. Comunicar á Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO), cunha antelación de dez (10) días como mínimo, a data e hora para a acta de entrega das ferramentas dixitais obxecto deste convenio, á cal deberá asistir un representante designado da Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO), xunto co técnico competente que determine.

O técnico designado elaborará un informe de conformidade coa recepción. De presentar algún elemento desconforme, a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que correspondan para obter o carácter favorable da valoración técnica.



8. A Deputación provincial da Coruña dará publicidade as actuacións obxecto deste Convenio, que están enmarcadas no Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.

V. POSTA A DISPOSICIÓN DAS FERRAMENTAS DIXITAIS

A Asociación para a Xestión do Xeoparque Cabo Ortegal cederá de maneira temporal e gratuíta os seguintes recursos de comunicación dixital que se corresponden con:

- Páxina web: <https://xeoparquecabootegal.gal/>
- Perfil en Instagram: <https://www.instagram.com/xeocabortegal/>
- Perfil en X: <https://x.com/xeocabortegal>
- Perfil en Facebook: <https://www.facebook.com/xeoparquecabootegal>
- Perfil en Youtube:
<http://www.youtube.com/@proxectodxeoparquedocaboo140>

VI. PUBLICIDADE E FINANCIAMENTO

En relación á publicidade do financiamento dos Fondos Next Generation EU (Financiados pola Unión Europea), as partes deberán cumprir o establecido na seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR). Capítulo VIII. Artigo 34. Información, comunicación e publicidade.
- Acordo de Financiamento entre España e a Comisión Europea. Artigo 10. Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso.
- Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de setembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR). Capítulo III. Instrumentos de xestión pública. Artigo 23.7.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR). Artigo 9. Comunicación.
- Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sostibilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, no Marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.
- Manual de comunicación para xestores e beneficiarios dos Fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Ministerio de industria, comercio e turismo (MINCOTUR).
- Manual de identidade visual do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Calquera outra normativa que poida resultar de aplicación tanto para investimentos financiados pola Unión Europea, así como aquela referida a nivel nacional e autonómico; e aquela outra que aplica aos Xeoparques Mundiais da UNESCO.

VII. VIXENCIA

Este Convenio iniciará a súa vixencia o día da súa firma e rematará na data de formalización da acta



de entrega das ferramentas dixitais resultantes da execución das actuacións obxecto deste Convenio á Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal (AXCO) e, en todo caso, o último día de vixencia do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación provincial da Coruña para a execución do Plan de sostibilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, no Marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU; ou en data posterior de realizarse a prórroga do dito convenio coa Axencia Turismo de Galicia.

VIII. EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo ao que se establece no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou porque se incorreu en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a prórroga.
- b) O acordo unánime de ambas as dúas partes.
- c) O incumprimento das obrigacións e os compromisos asumidos por cada unha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.

A Deputación da Coruña resérvase a prerrogativa de interpretar este convenio, acordar as modificacións e resolver as dúbidas que se presenten ao longo da súa vixencia.

IX. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

1. O presente Convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións; e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente Convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación provincial da Coruña, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de patrimonio e contratación, da Secretaría e a Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xuño, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente Convenio.
4. O presente Convenio quedará suxeito ao disposto no Real Decreto-Lei 36/2020, de 30 de setembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR); o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR); a Resolución de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia; a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR); a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan recuperación, transformación e resiliencia (PRTR); así como polo



disposto no instrumento xurídico que regula a xestión do Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeparque Cabo Ortegal.

Faise constar que o presente Convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 53941 de 30 de decembro de 2024.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente Convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Xosé Regueira Varela

**O REPRESENTANTE DA
ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN DO
XEOPARQUE CABO ORTEGAL**

Asdo.: Alberto Javier Rey Paz

**O SECRETARIO ACCIDENTAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez